



# ○ río Lérez na memoria escrita da segunda metade do s. XIX

Arturo Sánchez Cidrás

Ao longo do tempo a percepción do Lérez foi variando segundo a utilidade que del se facía: lugar de pesca, coto conventual, porto pesqueiro e comercial, de aproveitamento termal, hidroeléctrico, etc.

Falar do río Lérez na segunda metade do s. XIX é poñer sobre o tapete unha dualidade que traza enerxías opostas e complementarias á vez. Na voz dun xornalista<sup>1</sup> ao dar unha noticia lutuosa relacionada co río: “O Lérez é tan belo para navegarse con precaución como temible para bañarse nas súas ondas: para o primeiro é o lago Como, para o segundo a lagoa Estixia”.

Pero do río Lérez o que máis zumega pola escrita é luz, harmonía, cor, natureza espida... senón vexamos como tamén o enaltece o xornalista e escritor pontevedrés, Vicente Gregorio Aspa<sup>2</sup>:

“.....  
Del sol la luz al morir  
una tarde ver creía  
del manso Lérez surgir  
el bello Guadalquivir  
de la bella Andalucía.  
¡El Lérez! ¡Hermoso río!  
Sombras, bosques, enramada,  
doquier realzan su brío;  
allí en la estación del estío  
tiene el amor su morada.  
.....  
¡Cual sus ondas cristalinas  
van con dulce movimiento  
saludando peregrinas  
las interesantes ruinas  
de aquel altivo convento.  
.....”

Ou ao tamén xornalista, filósofo e político pontevedrés, Indalecio Armesto<sup>3</sup> cando cantaba nunha balada aos brancos lirios da beira do seu río, o Lérez:

“Hermosa ribereña  
del manso Lérez,  
fresca como las aguas  
de su corriente...”

Esa mesma idea de mansedume do Lérez verémola reflectida en moitos poemas como en *Ella* de Celso García Riega<sup>4</sup>:

“Mansa corriente que llevas  
en tus cristalina aguas,  
En tus límpidos cristales,  
.....  
No murmures, río Lérez,  
.....  
Tu que tranquilo recorres,  
lamiendo las enramadas,  
un blando, mullido lecho  
cuya arena es oro y plata;  
.....”

Ás veces as referencias son xeográficas pero relevantes por vir da man de escritores senlleiros da nosa lingua como é o caso de Manuel Curros Enríquez que o amentaba no poema de titulado *O Gueiteiro*<sup>5</sup> (1879). Poema que publicaron varios medios de comunicación madrileños, como por exemplo *Las Regiones*<sup>6</sup>, pero curiosamente traducido ao castelán por un valenciano chamado Constantí Llombart<sup>7</sup>:

“Déndes d’ o Lérez lixeiro  
Ás veigas qu’o Miño esmalta,  
Non houbo n-o mund’ enteiro  
Máis arrogante gueiteiro  
Qu’ogueiteiro de Penalta...”

Cando os xornalistas, poetas, etc. cantan a Pontevedra nunca esquecen, na prosa ou no verso, enxalzar o río Lérez. Tal é o caso de:

- Luís Rodríguez Seoane nun artigo publicado en *El País*<sup>8</sup> co título Pontevedra 1º de julio: “... ao cristalino Lérez, músico e murmurador que pobo a harmonías as campiñas

1 *La Época* (Madrid. 1849). 21/8/1857, n.º 2 580, páxina 3. Tamén en *El Iris de Galicia*, Número 31 do 16 agosto 1857, páxina 3.

2 *La Iberia* (Madrid. 1854). 28/8/1857, páxina 3.

3 *La Discusión* (Madrid. 1856). 29/9/1859, n.º 1 129, páxina 4.

4 *No xomal satírico El Buscapié*, número 35 do 30 decembro 1866, páxina 3.

5 *El Correo Gallego*, Año II Número 168, do 16 de 1879, páxina 3. Tamén no xomal semanal *El Gallego*, do 8 de abril de 1883, páxina 2.

6 *Las Regiones* (Madrid). 16/3/1889, páxina 3-4.

7 Pseudónimo de Carmel Navallo y Lombart Satre, escritor e activista valenciano.

8 *El País*, 1 de xullo 1858, páxina 1-2

*desta capital, que ostenta as súas marxes salpicadas de violetas, laureis e madre selvas, orla de nácar que mobilizan as correntes do mar, dilatado espello onde timidamente reflicte o seu azul o ceo pontevedrés; o Lérez, ese río sobre cuxo cristal viñeron a cruzarse mansamente as aves mariñas de canto lúgubre...*"

- La Perseverancia no poema Á Pontevedra<sup>9</sup> asinado en La Corogne por Ch. T. que, no mesmo xornal, é traducido, ao castelán por Vicente del Villar e ao galego por J. M. Pintos e entre outras estrofas din:

*"... J'aime les frais vallons que le Lérez rapide  
Relentissant son cours ne quitte qu'à regret;  
J'aime aux pieds de tes monts la lagune limpide,  
Coupé d'azuroúboit la colombe timide,  
Miroir qui réfléchit une double forêt!..."*

*"... Amo tus frescos valles en que el rápido Lérez  
te brinda mil placeres en su rico caudal;  
ó ya al pie de tus montes la límpida laguna,  
copa de azul que aduna encantos sin igual..."*

*"...Ademiro esa campiña  
que o Lérez baixo o mosteiro perguiceiro  
parez que a deixa á pesar:  
copa d'auga que retrata  
frestas na faz de prata  
que as pombas van a bicar..."*

- Nicolás Taboada cantando a Pontevedra e a Vigo en Los dos oasis<sup>10</sup>:

*"Aquí en Helenes, el tranquilo Lérez  
de las sonoras ondas plateadas  
que he surcado en un frágil barquichuelo  
aspirando las áureas perfumadas,  
oyendo el murmurar del arroyuelo,  
y escuchando el crujir de la cascada."*

- Francisco Portela Pérez<sup>11</sup> cando nun artigo titulado Unha estatua en Pontevedra<sup>12</sup> comeza: "Pontevedra, a coqueta e bela cidade que bañan as ondas do Atlántico, durmírase ao arrollo do manso e tranquilo Lérez que, ao parecer fatigado, pasa bicando os seus pés e copia nas súas límpidas augas as fermosas paisaxes das súas beiras..."

- José Echegaray<sup>13</sup> nun discurso literario<sup>14</sup> nos Xogos Florais de Pontevedra de 1888: "...cruzando os salóns, e non por certo salóns cortesáns, do pintoresco Lérez, vendo baixar ata o nivel da auga as ramas dunha e outra fronde nas contornadas beiras, ata tal punto, que a imaxe no cristal do lago..."

Eduardo Pardo y Gómez no poema ¡Pontevedra!<sup>15</sup> de 1888:

*"¡Oh! Ciudad que el Lérez baña...  
Las aguas de mil arroyos  
Que nacen en las robledas  
Y corren pausadamente  
¡Hacia el Lérez!...  
Son sus márgenes jardines  
Do crecen flores muy bellas  
Que dulcemente las aguas*

*Del potente Lérez besan,  
Llevando su perezoso  
Correr, las hojas de aquellas  
Que al soplo de débil brisa  
Del tallo se desprendieran;  
Perfumando de este modo  
¡El Lérez sus aguas tersas! ...*

Nicolás Taboada<sup>16</sup> no poema A Pontevedra<sup>17</sup> de 1890:

*"...La linfa de este Lérez – que en marco de verdura,  
Sonora y majestuosa – deslizarse y murmura,  
No tiene más rival  
Que el caudaloso Miño. – Los dos ríos hermanos  
No son cual otros ríos, - son lagos venecianos  
De líquido cristal! ..."*

Como non podía ser doutra forma, moitas das veces é o mesmo río quen é branco directo dos dardos poéticos. Tal é o caso do poema Un sueño en el Lérez (1852) aparecido no xornal El Eco de Pontevedra<sup>18</sup> do que descoñecemos o seu autor e que comeza:

*"Del Lérez en la orilla silenciosa  
Una tarde apacible reposaba  
El aura vagarosa  
Con las flores jugaba  
Y en los aires su aroma derramaba."*

<sup>13</sup> Político e dramaturgo.

<sup>14</sup> El Día (Madrid. 1881). 16/8/1888, páxina 2.

<sup>15</sup> Galicia (A Coruña. 1887). 10/1888, páxina 11-13.

<sup>16</sup> Nicolás Taboada Fernández (1856-1899) xornalista, poeta e historiador. Con este poema gañou un certame literario en Pontevedra.

<sup>17</sup> La Ilustración (Barcelona). 16/11/1890, páxina 10-11.

<sup>18</sup> El Eco de Pontevedra : periódico semanal de anuncios y literatura. Número 8 - 5 setembro de 1852, páxinas 3-4

<sup>9</sup> La Perseverancia, 24 marzo 1859, páxina 3

<sup>10</sup> La Opinión, número 15 - 16 agosto 1884, páxina 3.

<sup>11</sup> Xornalista pontevedrés (1864-1948).

<sup>12</sup> Galicia (A Coruña. 1887). 6/1888, páxina 31.



Expoñente, por partida dobre, temos a Prudencio Rovira y Pita<sup>19</sup> nos poemas *A orillas del Lérez* (*Fragmentos*<sup>20</sup>) (1890) e *La cautiva del Lérez*<sup>21</sup> (1888). Exemplo deste último:

*“En el cauce del Lérez, riachuelo  
Predilecta mansión de las ondinas,  
Crece bajo las ondas cristalinas,  
Siempre cubierta por un undoso velo,  
Blanca flor, que, escondida allá en la oscura  
Profundidad del ánfora del río,  
Suspira por dejar aquel sombrío  
Calabozo que encierra su hermosa.  
.....”*

O Lérez ten o seu poema titulado *O Lérez* que en galego escribiu Filomena Dato Muruais no xornal *La regional*<sup>22</sup> e *Galicia recreativa* (1891)<sup>23</sup>:

*“Lérez raudal de poesía  
ond'as mesmas musas beben,  
lind'espello cristalino  
que fixo Dios solamentes  
pra copear d'o azul d'o ceo,  
a hermosura sorprendente [...]*

*Pra cantar as túas bellezas  
qu'examais a y-alm' esquence,  
quixera qu'a miña arpa  
n-as suas cordas tivese  
os ecos d'os teus murmuxos [...]*

Outro exemplo, dos moitos que hai, sería o do burgalés Ricardo Blanco Asenjo<sup>24</sup> que escribiu o poema *A orillas del Lérez*<sup>25</sup> (1894):

*“Yo quisiera ser fauno y en el Lérez  
En las serenas noches de luar  
Correr por las riberas a la sombra  
Que robles, sauces y maizales dan.  
.....  
Yo saliera, sin miedo, a los feitizos  
A la encantada moura a perseguir*

19 Escritor e secretario persoal do presidente Antonio Maura.

20 *Madrid alegre*. 3/5/1890, n.º 31, páxina 3-4.

21 *Galicia* (A Coruña. 1887). 12/1888, páxina 25.

22 *El regional* (Lugo). núm. 2580 (05/07/1891) páxina 2-3

23 No *Galicia recreativa* está comixido tanto nas palabras (*cristalino-cristaliño, solamentes-solamentres, ...*) e ata en versos completos.

24 Ricardo Blanco Asenjo (1847-1897), poeta e autor dramático.

25 *La Ilustración ibérica* (Barcelona. 1883). 20/10/1894, páxina 14. Outro artigo co mesmo título *A orillas del Lérez*, aínda que con prosa e descrición moi distintas, foi publicado na revista *Ilustración Gallega y Asturiana* do 10-12-1879 p. 3 coa sinatura do escritor Ramón Segade Campoamor.

*Cuando la luna en los remansos quietos  
Refleja hilos de plata y de zafir.”*

A mirada do río dá sensacións mesturadas con múltiples cores, como a que o Dr. López de la Vega nos dá cando describe a Galicia como a Suiza española<sup>26</sup>: “... *co seu tranquilo Lérez, río que parece de ópalo e coral*”. Outras veces serve, pola contra, para amosar a ausencia de cor, o Loito ou a pena. Tal é o caso no poema de Julián Arzadam<sup>27</sup> escrito<sup>28</sup> con motivo do pasamento de Andrés Muruais:



*“Orillas del río Lérez” de Baldomero Galofre*

*“En esa; ¡Andrés! Que el Lérez por espejo  
tiene, y vestidos de severa yedra,  
ruinosos muros de negruzca piedra  
que parecen temblar en su reflejo...”*

Mais tamén os artistas da imaxe e do debuxo acompañan aos escritores neste amosarnos o Lérez como río con recunchos idílicos é “*á vez de agreste paisaxe*”, tal é o caso de Federico Guisasa<sup>29</sup>, Francisco Zagala<sup>30</sup> ou o pintor Baldomero Galofre<sup>31</sup>, por poñer algúns exemplos.

Relevante era por estas datas mirar o río Lérez coma referente turístico da cidade de Pontevedra. Proba diso eran as embarcacións que se alugaban para percorrelo, remontando o seu curso ata as primeiras aceas. Por iso non era de estrañar que fora unha ruta obrigada para os viaxeiros ou visitantes ilustres que pasaran uns días na cidade. Así temos unha morea de casos documentados e, por poñer algún exemplo desas visitas guiadas citaremos:

26 *La Época* (Madrid. 1849). 12/5/1874, n.º 7 881, páxina 1.

27 *Fabricante de conservas e Cabaleiro de Isabel a Católica*.

28 *Liceo Brigantino* n.º 12 do 20 de novembro de 1882. *Días antes* (1-11-1882) saíu en *El Correo Gallego* outro poema titulado *En la muerte de Andrés Muruais* asinado por “*Los individuos del Orfeón Obrero*” que comezaba: “*¡ADIÓS! ... ¡Compañeros, venid!... ninfas del Lérez, galanos trovadores...*”

29 *La Ilustración española y americana*. 15/9/1877, páxinas 3 e 9.

30 *La Ilustración española y americana*. 22/7/1885, páxina 3.

31 *Ilustración artística*. 16/12/1889, páxina 2-3.

A visita e paseo en barco de Práxedes Mateo Sagasta<sup>32</sup>: “Despois do almorzo verificouse un paseo pola ría, subindo a esa outra harmonía poética chamada río Lérez, inspiración de tantos cantores, ...”<sup>33</sup>. Ou o paseo que lle deron a Antonio Romero Ortiz<sup>34</sup> (1879), aos Srs. Monet e Montero Ríos<sup>35</sup> (1882), ao rei Alfonso XII (1884), a Cristino Martos<sup>36</sup> (1888), ao dramaturgo José Echegaray (1888)<sup>37</sup> e un longo etcétera de personaxes da política, das artes, da cultura.

Cando había algunha actividade de relevancia aproveitaban tamén para dar un paseo polo río; e así vemos anunciada unha nos seguintes termos “Hoxe á hora de marea terá lugar unha xira ao río Lérez, que prepara a Xunta de Xogos florais en obsequio ao ilustre presidente do Certame literario, Excelentísimo S. Víctor Balaguer<sup>38</sup>”. Na mesma liña temos Una gira al Lérez<sup>39</sup> que se describe así: “Invitados pola Xunta directiva da Asociación de Mestres, asistimos na tarde de antonte á xira que en obsequio aos individuos da Mesa de discusión do Congreso, levou á cabo dita sociedade ao río Lérez...” As citas destas xiras son múltiples polo que poremos algunha máis para ampliar o abano de epítetos e de descrições do Lérez como a que fai Alfredo Escobar Ramírez<sup>40</sup>, en La Época de Madrid<sup>41</sup> onde refería a súa estada en Pontevedra invitado polo Sr. Riestra:



Paseo polo Lérez. Foto Pintos

“Outra expedición [...] foi a da fervenza do Lérez. Dista de Pontevedra unha hora en bote. A Ría primeiro ancha como un lago, vaise retorcendo logo entre dous outeiros como unha

serpe de cristal. As ribeiras son altas e sementadas de piñeiros, tan altas, que só ás doce do día, na que os raios do sol caen a verticais sobre a terra, non se atopa sombra deliciosa ao remontar a súa clara corrente; porque esta é tan clara e tan limpa, que case se transparenta seu fondo de finísima area. [...] Antes de chegar á fervenza, cuxos arredores son do máis pintoresco que imaxinarse pode, pásase por illote baixo, onde nos apeamos e seguimos a pé, arrastrando a barca para amenizar a excursión.



“Perspectiva del río Lérez” de Guisasaola

O ruído chega antes aos oídos que o espectáculo aos ollos; pero de súpeto aparece en todo o seu esplendor pola fervenza do Lérez. Alí as pedras, dun derrubado muíño, bríndanos repouso, fresca sombra as árbores da ribeira, inspiración o sitio e a fervenza.[...]”

Moitas das imaxes e mesmo as palabras (lago, espectáculo, serpe, cristal, etc.) non saen só da imaxinación do escritor, parece que é o mesmo río quen as dita, senón leamos a Andrés Mellado<sup>42</sup> uns anos máis tarde<sup>43</sup>: “... Hai, sen embargo, algo[...] moitísimo máis fermoso, e é unha expedición nun esquife ao Lérez río arriba. En menos dunha legua gózase de tres distintos espectáculos: o mar, os lagos, o río pechado entre montañas e a espesura. Na primeira parte da viaxe de recreo navegase sobre augas salgadas, respírase o alento do Océano, cuxos ecos de furor move a superficie en rizadas ondas. Comezan logo as confundidas fronteiras do mar e do río; o Lérez, no seu curso, ven culebreando, de maneira que sempre o que o suca cre estar completamente encerrado; estes semicírculos que vai describindo dan maxestosa serenidade á súa corrente e forman na aparencia tres anchísimos lagos, aos que o vulgo da o nome de salóns [...] a auga diáfana e pura deixa ver o leito do río, os seus seixos brancos, as súas rochas sombrías, as vetas das súas pedras, que remedan serpes; a superficie, segundo os efectos da luz, por uns sitios parece pulido espello de aceiro, por outros chan

32 Político do Partido Liberal (progresista), varias veces Presidente do Consello de Ministros.

33 La Iberia (Madrid. 1854). 31/8/1865, páxina 2.

34 Político galego que ocupou varias carteiras ministeriais no Sexenio Liberal e nos gobernos de Zabala e Sagasta.

35 La Época (Madrid. 1849). 24/8/1882, páxina 3.

36 Ministro de Estado e de Gracia e Xustiza así como presidente do Congreso dos Deputados.

37 Fíxose o 26 de agosto e saíron do peirao das Corbaceiras. Foron “gran número de embarcacións río arriba en dirección á pintoresca cascada do Lérez. Ademais do grande número de invitados, embarcaron en dito peirao a banda de Luzón, o Orfeón Loa amigos e moitos particulares. Unha orquestra, dirixida por D. Román Pintos...”

38 Víctor Balaguer Cirera político, escritor e xomalista catalán.

39 El Eco de Galicia, núm. 394 (27/08/1887), páxina 3.


40 Coñecido tamén como marqués de Valdeiglesias, escritor e político conservador

41 La Época (Madrid. 1849). 9/9/1879, n.º 9 772, páxina 1.

42 Xomalista e político (con Alfonso XIII foi ministro de Instrución Pública e Belas Artes)

43 El Imparcial (Madrid. 1867). 8/8/1882, páxina 1.





"Las aceñas" (Paisaxe do río Lérez) de Francisco Zagala.  
Arch. Museo Pontevedra.

*finísimo de nácar, festonada polas grilandas que as copas das árbores forman na súa ribeira. A transparencia da onda é tanta, que hai momentos en que suspendemos o remo no aire temerosos de rachar aquel encantado cristal. Diríase que aquela auga é respirable..."*


Pero non sería completo falar do Río Lérez nestas datas sen nomear o libro "Río Lérez"<sup>44</sup> (1892) de Luís de la Riega ou o folleto "Un paseo por el río Lérez"<sup>45</sup> (1889) de Cosme Fernández Soler. O libro de Luís de la Riega comeza cun diálogo entre o océano e o río Lérez onde este vaille contando todo o relacionado coa súa vida como río, do seu curso, dos seus afluentes, da súa contorna, da súas lendas e contos, das súas historias, etc. Por ter ten ata un himno ao que lle puxo música Francisco R. Núñez que comeza co canto do Coro no seu diálogo coas Musas:

44 Este libro pode lerse, grazas á Biblioteca Digital Hispánica da Biblioteca Nacional, no enlace <https://bit.ly/2EzsTjm> Hai outro libro titulado tamén 'Río Lérez' pero é un poemario de Viñas Calvo publicado na Pontevedra de 1940.

45 Tamén hai un artigo, Un paseo pol-o Lérez, escrito en galego que apareceu no Tomo I do libro "El idioma Gallego, su antigüedad y vida" de Antonio de la Iglesia (1886) e no xornal pontevedrés El Galiciano (1881): "... E tampouco cabe a menor dúbida q' o magestuoso e poético río, chamado Lérez, contribuye á facer máis encantadora esta cidade..."

*"¡Gloria, Gloria al olímpico Júpiter  
Que su trono en el Lérez alzó,  
Y las musas y ninfas y pléyades,  
Para eterna memoria reunió."*

Vou rematando da man de Alfonso Pérez Nieva<sup>46</sup> citando o seu artigo De veraneo<sup>47</sup> que nos serve para animar ao lector a achegarse ata o río Lérez e así gozar del: "... O galaico Lérez é un río no que a natureza tomou leccións de escenografía antes de dispoñer o seu curso. As dúas ribeiras son bosques espesos, dúas masas enormes de vexetación cheas dos rumores e da maxestade de todos os grandes sombreados, e para que esta nota non pese, as beiras da corrente están constituídas en moitos traxectos en inmensos campos de flores [...] E a todo isto o ambiente atópase enchido de perfumes que embriagan.



*É preciso velo para convencerse. Eu aconsello a cantos veñan por acá que non esquezan tal excursión polo Lérez [...] É o río das soidades pracenteiras, que fan amar a vida e a natureza, que afastan a dor."*

46 Alfonso Pérez Gómez-Nieva (1859-1931) escritor e político español.

47 La Dinastía (Barcelona). 30/8/1896, páxina 2.